

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 01 DE DECEMBRO DE 2016.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **DOCE HORAS** do día **UN DE DECEMBRO DE DOUS MIL DEZASEIS**, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde **MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ**, reúnese a Xunta de Goberno Local, coa asistencia do tenente de Alcalde **KLAUS BREY MONTAÑA** e o concelleiro **JESUS TABOADA LÁZARA**. Asisten igualmente a concelleira **Mª del PILAR PEÓN IGLESIAS**.

Excusa súa asistencia: **ANA LUISA GONZÁLEZ COSTA**

Secretario da Corporación: **MANUEL QUINTÁNS QUEIRUGA**, que da fe.

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

- 1º.- ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.**
- 2º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.**
- 3º.- DEVOLUCION DE AVAIS.**
- 4º.- SERVIZOS SOCIAIS.**
- 5º.- URBANISMO.**

1º.- ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.

Queda aprobada a Acta da sesión do;
- 15 de Novembro de 2016

2º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

- 2.1.- Solicitud e do titular do café-bar Debibian de corte da rua
Republca Argentina con actuación dunha orquestra
na vía publica.**

VISTA a solicitude de JOSE BIBIAN NUÑEZ, DNI XXXXXXX, na súa condición de titular do Café-Bar DEBIBIAN, sito en República Argentina nº 11, para celebrar unha actuación musical con orquestra o 16 de Decembro de 2016, para conmemorar o aniversario do Café.

TENDO EN CONTA o Informe da Policía Local, esencialmente en canto a celebración inclúe o uso dunha carpa que ocupará todo o ancho da vía pública coa conseguinte repercusión sobre o paso normal dos peóns, así coma a incidencia na circulación, que afectaría non só a rúa en concreto, senón as circundantes durante mais de 24 horas -das 09.00 do 16 ata as

1400 do 17-12-, todo elo no contexto dunha festa de índole privada, fai que resulte desproporcionada a incidencia no tráfico e circulación vial, polo que, en defensa dos intereses públicos afectados, a petición resulta desmesurada e, por elo, improcedente.

Visto canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

RESOLVE

Único.- **DESESTIMAR** a solicitude de JOSE BIBIAN NUÑEZ, na súa condición de titular do Café-Bar DEBIBIAN, sito en República Argentina nº 11, para celebrar unha actuación musical con orquestra o 16 de Decembro de 2016, ocupando a vía pública cunha carpa, en tanto resulta desproporcionada a incidencia no tráfico e circulación vial dunha celebración privada, en defensa dos intereses públicos afectados.

2.2.- Escrito de Endenor, Mantenimiento y Servicios, S.L.

Dase conta do escrito presentado por **ENDENOR Mantenimiento y Servicios, S.L.** Rexistro de Entrada nº 5293, de data 28 de novembro de 2016 como adxudataria da obra "Acondicionamento da Estrada da Estación (Carril Bici e Senda Peonil) tramo estradas PO-211 e EP-6502", sinalando que os organismos titulares das estradas afectadas polas obras (Deputación Provincial de Pontevedra e Xunta de Galicia) deron o visto bo e aceptación para a execución dos traballos proxectados en ditas estradas con data 3 de novembro de 2016, sendo a empresa adxudataria notificada nesa data pola Dirección facultativa para o inicio dos traballos tras esa data, polo que solicita que o prazo de execución ofertado de 3,5 meses sexa contado a partir da notificación do inicio das obras de 3 de novembro de 2016, ata o 18 de febreiro de 2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acceder ó solicitado, polo que o prazo de execución será ata o 18 de febreiro de 2017.

3º.- DEVOLUCION DE AVAIS.

3.1.- De CONSTRUCCIONES FERNÁNDEZ SARMIENTO, S.A. escrito de data 17 de novembro de 2016, Rexistro de Entrada nº 5175 de 18.11.16, solicitando devolución de aval correspondente á obra "Mellora de Vías de titularidade municipal: Ponte, Dornelas, Andamollo, Fontefría, Siador e Cira" do Plan CPV-45233250-6, por importe de 5.683,44 € de data 26 de setembro de 2014, da Compañía Española de Seguros y Reaseguros de Crédito y Caución S.A.

VISTO que a actuación foi recibida polo Concello, sen que exista

reparo algún e habendo transcurrido o prazo de garantía,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDA:**

- Proceder a devolución do AVAL de **CONSTRUCCIONES FERNÁNDEZ SARMIENTO, S.A.**, formalizado o 26 de setembro de 2014 ante a Compañía Española de Seguros y Reaseguros de Crédito y Caución S.A., polo importe de 5.683,44 €, sen que exista reparo algún por parte do Concello sobre a súa execución.

4º.- SERVIZOS SOCIAIS.

4.1.- Acordo de Emerxencia Social.

Visto o informe preceptivo da traballadora social do Concello, Beatriz Cuiña Iglesias, de data 30 de novembro de 2016, a Xunta de Goberno Local

ACORDA:

Prestar aprobación o expediente de emerxencia social tramitada a nome de **XXXXXXXXX**

4.2.- Acordo de Emerxencia Social.

Visto o informe preceptivo da traballadora social do Concello, Beatriz Cuiña Iglesias, de data 23 de novembro de 2016, a Xunta de Goberno Local

ACORDA:

Prestar aprobación o expediente de emerxencia social tramitada a nome **XXXXXXXXXXXXX**

4.3.- Acordo de Emerxencia Social.

Visto o informe preceptivo da traballadora social do Concello, Beatriz Cuiña Iglesias, de data 29 de novembro de 2016, a Xunta de Goberno Local

ACORDA:

Prestar aprobación o expediente de emerxencia social tramitada a nome de **XXXXXXX**

4.4.- Acordo de Emerxencia Social.

Visto o informe preceptivo da traballadora social do Concello, Beatriz Cuiña Iglesias, de data 22 de novembro de 2016, a Xunta de Goberno Local

ACORDA:

Prestar aprobación o expediente de emerxencia social tramitada a nome de **XXXXXXXXN**

4.5.- Acordo de Emerxencia Social.

Visto o informe preceptivo da traballadora social do Concello, Beatriz Cuiña Iglesias, de data 22 de novembro de 2016, a Xunta de Goberno Local

ACORDA:

Prestar aprobación o expediente de emerxencia social tramitada a nome de **XXXXX**

4.6.- Expediente de solicitude de comunicación de alta no SAF no programa de libre concorrencia, de M.S. F.G.

Dase conta do informe de M^a del Carmen Carballo Silva, en calidade de Traballadora Social do Concello de Silleda, de data 28 de novembro de 2016, de alta no SAF no programa de libre concorrencia de: M.S.F.G.

5º.- URBANISMO.

5.1.- Escrito presentado por Rosario Senra Vázquez, en representación de VELATORIO SILLEDA, S.L.

Dase conta do escrito presentado por Rosario Senra Vázquez, en representación de VELATORIO SILLEDA, S.L., Rexistro de Entrada nº 5266, de data 24 de novembro de 2016, no que indica que dispón dun local na rúa Carballeira do Chousiño, nº 26, acondicionado como sala de velorios; proponendo a retirada da varanda actual de aceiro e vidro e a colocación dunha varanda practicable que permita o acceso e ao mesmo tempo delimite o espazo comúne o espazo exterior propio da sala de velorios, a fin de que en ningún momento o uso do local poida perxudicar as persoas residentes nas vivendas dos andares superiores. Unha vez substituída a varanda, quedando resolta a accesibilidade do local, retirarase a rampa metálica provisional; polo que solicita autorización para levar a cabo esta modificación.

Visto que polo Arquitecto Técnico Municipal, José Antonio Presas Ferreiro, con data 30 de novembro de 2016 emítase o informe que transcríbese a continuación:

“Don JOSÉ ANTONIO PRESAS FERREIRO, Arquitecto Técnico

Municipal del Ayuntamiento de Silleda (Pontevedra), emite el siguiente:

INFORME TECNICO URBANISTICO

SOBRE: Escrito de Dona Rosario Sénra Vázquez en representación de VELATORIO SILLEDA, S.L.

Data de entrada: 25-sept-2015.

Núm. 5358

Núm. 1523 Escrito do mesmo titular, data de entrada :14-abril-2.016

Núm. 4059 Escrito do mesmo titular, data de entrada :14-sept-2.016

Núm. 5266 Escrito do mesmo titular, data de entrada :24-nov-2.016

Vistos os escritos referenciados e a documentación técnica:

INFORMO O SEGUINTE:

- 1- Consta INFORME- ACTA DE COMPROBACIÓN do técnico que suscribe, de data 20-maio-2.015.
- 2- Consta DECRETO de Alcaldía-Presidencia de data 20-maio-2.015 de "Conceder a VELATORIO-SILLEDA, S.L. licenza de actividade para **VELATORIO sito na rúa Carballeira do Chousiño, 26 baixo, Silleda**, en base a licenza urbanística concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 19 de Agosto de 2014, **condicionada** a que o seu titular sustitúa, no prazo máximo de cinco (5) meses dende a notificación da licenza, a instalación provisional, na beira rúa (plataforma para proporcionar accesibilidade) por o elevador, que como solución axeitada de accesibilidade esixe o aparelador municipal no seu informe, anteriormente transcrito. En caso de incumprimento desta condición, o Concello ordenará o cese por non estar resolto nese momento o cumprimento da normativa de accesibilidade."
- 3- Consta INFORME SOBRE CONSULTA DE DICTAME CON NÚMERO DE REXISTRO 60/15 da COMISIÓN TÉCNICA DE ACCESIBILIDADE DA XUNTA DE GALICIA (Consellería de traballo e benestar) sendo PETICIONARIO: Natalia Campos Ferro sobre ASUNTO: Accesibilidade en acceso a local destinado a sala de velorios, que literalmente di:

"Compre indicar, en primeiro lugar que a Comisión Técnica de Accesibilidade é competente para interpretar a normativa de

accesibilidade, pero non a estatal, para o que existen outros procedementos (Normativa con comentarios, preguntas resoltas pola Dirección Xeral de Vivenda, do Ministerio de Fomento, etc.)

Analizada a documentación presentada, pode decirse que o edificio é de recente construción, polo que debería cumprir a normativa de accesibilidade e en toda a súa extensión, incluíndo tamén os locais comerciais de planta baixa. Esta situación conséntase, ademais, pola comprobación de que o local non tivo ningún uso previo. Polo tanto, a actuación prevista non pode considerarse una obra de reforma ou acondicionamento dun local con uso preexistente, senón una obra nueva, e como tal debe aplicarse a normativa de accesibilidade, tanto a autonómica como a estatal, en todo o seu alcance.

Con tal motivo, as solucións presentadas polo peticionario infórmanse de xeito desfavorable.

Examinadas as fotografías achegadas, parece que a solución máis adecuada é a de eliminar a varanda que comunica co espazo diante do portal, e modificar a rampla en curva existente, acadando una superficie horizontal.

Santiago de Compostela, 21 de Xullo de 2015."

Por todo elo, o Técnico que suscribe estima que viendo toda a documentación tanto escrita como gráfica presentada, que no se aprecia inconveniente Técnico, a los efectos de autorizar lo solicitado: "a retirada da varanda actual de aceiro e vidro e a colocación dunha varanda practicable que permita o acceso e ao mesmo tempo delimite o espazo común e o espazo exterior propio da sala de velorios, a fin de que en ningún momento o uso do local poida perxudicar as persoas residentes nas vivendas dos andares superiores.

Unha vez substituída a varanda, quedando resolta a accesibilidade do local, retirarase a rampla metálica provisional"

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA CONCEDER AUTORIZACIÓN**, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, a VELATORIO SILLEDA, S.L. para a retirada da varanda actual de aceiro e vidro e a colocación dunha varanda practicable que permita o acceso e ao mesmo tempo delimite o espazo común e o espazo exterior propio da sala de velorios, a fin de que en ningún momento o uso do local poida perxudicar as persoas residentes nas vivendas dos andares superiores. Unha vez substituída a varanda, quedando

resolta a accesibilidade do local, retirárase a rampa metálica provisional.

5.2.- Licenza de Actividade de vivenda turística, a situar no lugar de Sestelo, parroquia de Siador (Silleda), solicitada por Roberto José Rivas Martínez en representación de GESTORA DE PLANEAMIENTO DE SUELO, S.L.

Vista a solicitude presentada por Roberto José Rivas Martínez en representación de GESTORA DE PLANEAMIENTO DE SUELO, S.L., Rexistro de Entrada nº 385, de data 29 de xaneiro de 2016, solicitando licenza de actividade para vivenda turística, a situar no lugar de Sestelo, parroquia de Siador (Silleda), segundo proxecto do arquitecto José Luis Pereiro Alonso.

Visto o informe emitido o 29 de novembro de 2016 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

*“Solicitante: Roberto José Rivas Martínez, en representación de
GESTORA DE PLANEAMIENTO DE SUELO S.L.*

<i>Data de rexistro:</i>	<i>29.XAN.2016</i>	<i>N.º: 385</i>	<i>Data escrito:</i>
	<i>27.XAN-2016</i>		
	<i>22.FEB.2016</i>	<i>698</i>	<i>23.FEB.2016</i>
	<i>05.AGO.2016</i>	<i>3389</i>	<i>27.XUL.2016</i>
	<i>24.OUT.2016</i>	<i>4726</i>	<i>13.OUT.2016</i>

Solicitude: Actividade de vivenda turística

Tipo de Solicitude: Actividade *Superficie construída: 654,26 m2*

Emprazamento: Sestelo, Siador

*Referencia catastral: 36052A05600070 e 001701000NH62E (vivenda)
Superficie Catastro: 30.377 m2*

Autor do Proxecto: José Luis Pereiro Alonso, doutor Arquitecto col. 103

Proxecto: De Actividade Sen visar (Real Decreto 1000/2010, sobre visado colegial obligatorio)

Exposición pública: BOP DOGA Prensa: 27/02/2016

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

1 Real Decreto Legislativo 7 2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana

2 Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

3 Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

4 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).

5 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).

6 Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

7 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.

8 Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia.

9 R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.

10 Decreto 29 2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.

11 Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.

12 Planeamento do Concello de Silleda

12.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.

12.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991

12.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995

12.4 M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995

12.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002

12.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002

12.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002

12.8 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981

12.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002

12.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007

12.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012

12.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012

12.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado Provisionalmente o 18/03/2016

13 Concordantes

ANTECEDENTES:

1. Amósaseme para a redacción de informe técnico a solicitude de licenza asinada por Roberto José Rivas Martínez, en representación de GESTORA

DE PLANEAMIENTO DE SUELO S.L., presentada con R.E. 385 de 29.XAN.2016. Aporta 2 copia de memoria de actividade asinado por José Luis Pereiro Alonso, doutor Arquitecto col. 103 e xustificante de pago de taxas municipais. O promotor aporta copia de **informe previo sobre o cumprimento de requisitos mínimos para vivenda turística** emitida pola Área Provincial da Axencia Turismo de Galicia, asinado o 4 de xaneiro de 2016 (rexistro de saída 1063/ RX 18487 de 08/01/2016).

2. O expediente foi remitido ao Servizo de Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (r.s. 1971 de 26.SET.2016 e R.E. 121255/RX 2546116 de 28/09/2016, que o día 13 de outubro de 2016 (r.s. 99181/ RX1474831 de 18/10/2016 e R.E. 4726 de 24.OUT.2016) que devolve o expediente por entender que non precisa de autorización autonómica previa á concesión de licenza municipal.

3. O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012. No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este praza e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará na redacción do presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sinalados pola Consellería competente.

4. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 195.2 LOUGA:

INFORME TÉCNICO:

5. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como **Solo rústico**. Canto ao planeamento aprobado provisionalmente, e que se relaciona no punto 12.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a **Actividade de vivenda turística**, está clasificado como **solo de núcleo rural histórico-tradicional**.

6. A edificación encóntrase catalogada na ficha 29.03 que se xunta como anexo a este informe. O expediente completo foi remitido á Consellería de Cultura (r.s. 928 de 18 de abril de 2016) que emite **autorización** o 27 de xullo de 2016 (r.s. 77748/RX 1122637 e R.E. 3389 de 05.AGO.2016).

7. A edificación foi rehabilitada como vivenda unifamiliar mediante licenza

municipal concedida en Xunta de Goberno Local do día 20 de abril de 2007 (xúntase copia).

8. O uso solicitado encadra dentro do artigo **33.2.e)** da LOUGA e sería autorizable mediante autorización autonómica previa tramitada consonte o artigo 41 da LOUGA segundo o artigo **36**, salvo mellor criterio.

9. Canto á tramitación ambiental, a LEI 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, a actuación proxectada non figura no ANEXO no que se inclúen as actividades sometidas a Avaliación de Incidencia Ambiental. Por tanto, enténdese que **está excluída do procedemento de avaliación de incidencia ambiental.**

10. O proxecto presentado xustifica o cumprimento da normativa vixente en materia de **Vivendas turísticas de Galicia.**

11. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase axeitado o orzamento que figura na memoria técnica.

12. Segundo o indicado no artigo 196 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, **sería preciso ter, con carácter previo á concesión de licenza municipal e previos os trámites oportunos, as autorizacións previas dos seguintes organismos:**

12.1 Delegación Territorial de Patrimonio Cultural a fin de que se emita informe previo á concesión de licenza municipal de actividade, que se pretende levar a cabo nunha edificación catalogada polo Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado provisionalmente o 18 de marzo de 2016. A solicitude presentada conta con autorización da Consellería de Cultura de día 27 de xullo de 2016 (r.s. 77748/RX 1122637 e R.E. 3389 de 05.AGO.2016).

12.2 Servizo de Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a fin de que se proceda a emitir autorización autonómica, se procede.

12.2.1 O expediente foi remitido ao Servizo de Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (r.s. 1971 de 26.SET.2016 e R.E. 121255/RX 2546116 de 28/09/2016, que o día 13 de outubro de 2016 (r.s. 99181/ RX1474831 de 18/10/2016 e R.E. 4726 de 24.OUT.2016) que devolve o expediente por entender que non precisa de autorización autonómica previa á concesión de licenza municipal.

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non

contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se **INFORMA FAVORABLEMENTE** a solicitude de licenza municipal de Actividade de vivenda turística.”

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA CONCEDER LICENZA DE ACTIVIDADE** a GESTORA DE PLANEAMIENTO DE SUELO, S.L. para vivenda turística a situar no lugar de Sestelo, parroquia de Siador - Silleda (Referencia catastral: 36052A05600070 e 001701000NH62E (vivenda)).

5.3.- Peche de balcón en vivenda sita no lugar de Bravil, nº 3, parroquia de Manduas (Silleda). Javier Tejo Fernández.

Vista a solicitude de licenza, presentada por JAVIER TEJO FERNÁNDEZ, Rexistro de Entrada nº 1629 de data 22 de abril de 2016, para peche de balcón en vivenda sita no luagr de Bravil, nº 3, parroquia de Manduas (Silleda), segundo proxecto básico e de execución da arquitecto María José García Fidalgo.

Visto o informe emitido o 10 de outubro de 2016 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

“Solicitante: Javier Tejo Fernández

Data de rexistro: 22.ABR.2016 Nº: 1629 Data escrito:
21.ABR.2016

Solicitude: Peche de balcón en vivenda.

Tipo de Solicitude: Obra Maior Superficie construída: 262
m2.

Emprazamento: Bravil, nº 3, Manduas.

Referencia catastral: 001801100NH53D0001PJ Superficie
catastral: 10.923 m2.

Autor do Proxecto: María José García Fidalgo

Proxecto: Básico e de execución. Visado polo Colexio Oficial 15/07/2016
nº 1604310,1

Dirección de Obra: n/d

Oficio de Dirección:

Dirección de Execución: n/d

Oficio Direc. Execución:

Exposición pública BOP DOGA Prensa

Orzamento (P.E.M.): 4.462,08 € P.E.M. segundo Mbc ano 2010: €

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

1 Real Decreto Legislativo 7 2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba

el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana

2 Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

3 Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

4 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).

5 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).

6 Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.

7 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.

8 Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia.

9 R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.

10 Decreto 29 2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.

11 Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.

12 Planeamento do Concello de Silleda

12.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.

12.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991

12.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995

12.4 M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995

12.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002

12.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002

12.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002

12.8 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981

12.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002

12.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007

12.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012

12.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012

12.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado Provisionalmente o 18/03/2016

13 Concordantes

ANTECEDENTES:

1. Amósaseme para a redacción de informe técnico a solicitude de licenza asinada por Javier Tejo Fernández, presentada con R.E. 1629 de 22.ABR.2016. Aporta 1 copia de proxecto técnico asinado por María José García Fidalgo e xustificante de pago de taxas municipais.

2. O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 12.13 da normativa de aplicación deste informe técnico). No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este prazo e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará na redacción do presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sinalados pola Consellería competente.

3. O proxecto conta, salvo erro ou omisión involuntarios, coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licenza municipal de obras. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 143.2 da Lei do Solo de Galicia:

INFORME TÉCNICO:

4. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, como **Solo rústico**. Canto ao planeamento aprobado provisionalmente, e que se relaciona no punto 12.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a **Peche de balcón en vivenda**, está clasificado como **solo de núcleo rural común**. Por tanto, a edificación destinada a vivenda unifamiliar encóntrase actualmente en situación legal de fóra de ordenación. Porén, posto que se aporta certificación de antigüidade da vivenda anterior á entrada en vigor da Lei 19/1975, do 2 de maio, de reforma da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana, o proxecto é susceptible de autorizarse consonte ao artigo 40 "Edificacións existentes de carácter tradicional" da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

5. O proxecto presentado non contradí os **parámetros urbanísticos establecidos para este ámbito**.

<i>Parámetro</i>	<i>Proxectado</i>	<i>Esixido Plan Xeral/ LOUGA</i>	<i>Plan Xeral 2012</i>	<i>Cumpr e</i>
<i>Superficie mínima de parcela</i>	10923	3000	3000	<i>Artigo 30</i>
<i>Altura de cornixa</i>		7,00 m	7,00	<i>Artigo 30</i>
<i>Ocupación máxima</i>		20%	20%	<i>Artigo 30</i>
<i>Superficie ocupada en planta</i>				
<i>Número máximo de plantas</i>	B+1	B+1	B+1	<i>Artigo 30</i>
<i>Recuamento a lindeiros</i>	> 5 m	5 m	5 m	<i>Artigo 30</i>
<i>Separación a vía pública</i>	> 4 m	4 m	4 m	<i>Artigo 30</i>
<i>Acceso rodado</i>	Si	Si	Si	<i>Artigo 30</i>

6. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase axeitado o orzamento que figura na memoria técnica.

7. Instalación de guindastres- torre. Para a solicitude de autorización de instalación de guindastres- torre e similares, deberase aportar a seguinte documentación:

7.1 Memoria descriptiva da instalación e planos de situación e emprazamento acoutados a escala suficiente para comprobar a situación real dos elementos da instalación e o estado da vía pública. Incluirase informe das condicións portantes do terreo baixo a grúa asinado polo técnico director da obra.

7.2 Xustificante da existencia de seguro de responsabilidade civil por parte da empresa instaladora que cubra o risco correspondente (fotocopia póliza de risco).

7.3 Certificado de homologación (ou no seu caso fabricación) ou inspección técnica do guindastre.

7.4 Certificados de montaxe do guindastre que se pronuncie sobre, polo menos, estes aspectos:

7.4.1 Datos da obra e instalación: situación (rúa/ lugar, número e poboación e referencia catastral da parcela), propietario do guindastre, (nome, DNI/NIF e nome e DNI do Xefe de Obra).

7.4.2 Característica do guindastre- torre: marca, tipo, ano

de fabricación e número de fabricación.

7.4.3 Certificación do director dos traballos de montaxe e instalación, de que o guindastre- torre cumpre coas disposicións legais vixentes que lle son de aplicación.

7.4.4 Certificado do director dos traballos de montaxe e instalación do correcto funcionamento do guindastre e dos seus dispositivos de seguridade.

8. Segundo o indicado no artigo 196 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, non se observa, salvo erro ou omisión involuntarios, a necesidade de solicitar informes sectoriais ou autorización autonómica ao abeiro do establecido no artigo 41 da mesma para esta solicitude.

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude, e proponse para a concesión de licencia municipal de obra, con arreglo ás limitacións que se establecen neste informe técnico.”

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA:

- **CONCEDER**, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza municipal de obra maior a JAVIER TEJO FERNÁNDEZ para peche de balcón en vivenda sita no lugar de Bravil, nº 3, parroquia de Manduas (Silleda), parcela con referencia catastral 001801100NH53D0001PJ, dacordo co informe anteriormente transcrito, indicándolle que para a solicitude de autorización de instalación de guindastres- torre e similares, deberase aportar a documentación indicada no punto 7 do mencionado informe técnico de data 10 de outubro de 2016.

5.4.- Construcción de Nave destinada a parque de maquinaria agrícola no lugar de A Murada, parroquia de Lamela. AUTOMOCIONES SAN MARCOS, S.L.

Visto o escrito presentado por AUTOMOCIONES SAN MARCOS, S.L. (AUSAMA), Rexistro de Entrada nº 5347 de data 01 de decembro de 2016, para construción de nave destinada a parque de maquinaria agrícola, no lugar de A Murada, parroquia de Lamela (Silleda), segundo proxecto básico, visado polo Colexio Oficial o 30 de novembro de 2016, nº 1606091,4 do arquitecto Alfredo Varela Nogueira,

Visto o informe emitido o 01 de decembro de 2016 polo arquitecto

Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

“Solicitante: AUTOMOCIONES SAN MARCOS, S.L.

Data de rexistro: 27.OUT.2016

Nº: 4794

Data escrito:

27.OUT.2016

01.DEC.2016

5347

01.DEC.2016

Solicitud: Nave destinada a parque de maquinaria agrícola

Tipo de Solicitud: Obra Maior

Superficie

construida: 1.934,03

m2

Emprazamento: A Murada, Lamela

Referencia catastral: 36052D508008590000XL

Superficie

catastral: 9.673,00 m2

36052D508008580000XP e

36052D508008600000XQ

Autor do Proxecto: Alfredo Varela Nogueira, arquitecto colexiado 2140

Proxecto: Básico. Visado polo Colexio Oficial 30/11/2016, Nº 1606091,4

Dirección de Obra: n/d

Dirección de Execución: n/d

Exposición pública: BOP DOGA Prensa

Orzamento (P.E.M.): 373.000,00 €

P.E.M. segundo Mbc ano

2010: €

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

1 Real Decreto Legislativo 7 2015, de 30 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana

2 LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación. urbanística e Protección do medio rural de Galicia).

3 Lei 15/2004, da Lei 15/2004, do 29 de decembro.

4 Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.

5 Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en vivenda e solo.

6 Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da L.9/2002.

7 Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

8 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).

9 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).

10 Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.

11 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.

12 Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo

de Galicia.

13 R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.

14 Planeamento do Concello de Silleda

14.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.

14.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991

14.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995

14.4 M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995

14.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002

14.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002

14.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002

14.8 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981

14.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002

14.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007

14.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012

14.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012

14.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado Provisionalmente o 18/03/2016

15 Concordantes

ANTECEDENTES:

1. Amósaseme para a redacción de informe técnico a solicitude de licenza asinada por AUTOMOCIONES SAN MARCOS S.L., presentada con R.E. 4794 de 27.OUT.2016. Aporta 1 copia de proxecto técnico asinado por Alfredo Varela Nogueira, arquitecto Colexiado 2140. Trátase da modificación do proxecto que tivo licenza neste Concello en Xunta de Goberno Local de día 12 de xullo de 2016.

2. Neste proxecto básico modificado a diferenza có que tivo licenza é que a altura da sinalada como "nave 2" é superior no proxecto modificado, xustificando a altura máxima no proxecto.

3. O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 14.13 da normativa de aplicación deste

informe técnico). No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este prazo e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará na redacción do presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sinalados pola Consellería competente.

4. O proxecto conta, salvo erro ou omisión involuntarios, coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licenza municipal de obras. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 143.2 da Lei do Solo de Galicia:

INFORME TÉCNICO:

5. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, como Solo rústico. Canto ao planeamento aprobado inicialmente, e que se relaciona no punto 14.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a **Nave destinada a parque de maquinaria agrícola, está clasificado como **solo rústico de protección agropecuaria**.**

6. O uso solicitado encadra dentro do artigo **35.1.g)** da Lei do solo de Galicia e sería autorizable por licenza municipal directa segundo o artigo **36**, salvo mellor criterio.

7. A parcela conta con acceso rodado e tódolos servizos urbanos, por tanto, cumpre coa condición de soar que establece o art. 17 da Lei do Solo de Galicia.

8. Cumprimento dos artigos 39, 91 e 92 da Lei do solo de Galicia:

Artigo 39. Condicións xerais das edificacións no solo rústico. **CUMPRE**

Para poder obter o título habilitante municipal de natureza urbanística, ou a autorización autonómica nos supostos previstos no artigo 36, para calquera clase de edificacións ou instalacións no solo rústico, deberá xustificarse o cumprimento das seguintes condicións:

<p>a) <i>Garantir o acceso rodado de uso público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación e o tratamento de augas residuais, a subministración de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos e, de ser o caso, a previsión de aparcadoiros suficientes, así como corrixir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes.</i></p> <p><i>Estas solucións deberán de ser asumidas como custo a cargo exclusivo do promotor ou promotora da actividade, formulando expresamente o correspondente compromiso en tal sentido e achegando as garantías exixidas para o efecto pola Administración na forma que regulamentariamente se determine.</i></p>	<p>SI</p>
